


A pesca en Cangas

Por

Estanislao Sotelo Sotelo

Na antigüidade a península do Morrazo polas súas características xeográficas, así como ó clima e á súa situación-orientación basea a súa economía fundamentalmente na agricultura e a pesca aínda que na maioría das parroquias a agricultura ten un papel predominante sobor da pesca. Só na vila de Cangas o traballo marítimo-pesqueiro supera a agricultura.

Nos séculos XVII o XVIII as embarcacións que se empregaban eran: a dorna, que tiña de quilla de 7 a 12 cóbados (de 3,5 a 6m), uns 6 m de eslora, e cu duns 16 a 20 quintais. A pinaza como barco de pesca ou pasaxe podía ser a remo ou a vela, era estreita levaba de porte uns 130 quintais con 8 m de quilla e unha tripulación de 6 homes, aínda que había maiores.



Fonte: J.M. Massó e García-Figueroa



A dorna:		A pinaza ou sarcinariis	
Eslora :	7 m	Eslora:	10 m
Manga:	2,25 m	Manga:	3 m
Puntal:	1 m	Puntal:	1 m
		Remos:	10 a 12



Traiñas descargando sardiña no peirao de Cangas.



Traiñas e mariñeiros na Praia do Señal, hoxe Av. Eugenio Sequeiros.

De Cangas saían para o estado español e o estranxeiro, polbo, congro, pescada, sardiña e peixe salgado. A finais do século XVIII Cangas contaba cuns 500 homes que traballan no mar, algúns eran de Vigo. A tempada da pesca da sardiña comprendía de Xuño a Xaneiro, época cando a sardiña emigra do norte cara o sur, algúns mariñeiros de Cangas acompañaban a sardiña na súa emigración ata as augas de Leixoes (Portugal).

A mediados do século XVIII chegan ás nosas costas os cataláns, traendo con eles a nova arte de pesca para a sardiña a Xábega, introduciuse na ría de Pontevedra a través dos portos de Aldán, Beluso e Bueu. Cabería sinalar o período que abrangue entre 1750 e o 1767, anos que separan ás Ordenanzas de Sarmiento como datas da implantación catalana: no ano 1750, e por Real Orde, dispón unhas novas Ordenanzas pesqueiras nas augas pontevedresas. Nelas esta nova arte "Xábega" non aparece citada.

Mariñeiros e barcos pesqueiros e de trafico 1752


Parroquia	Mariñeiros sen dorna	Mariñeiros con dorna	Mariñeiro -labrador	Matriculado -labrador	Número de dornas	Número de lanchas	Barcos de pasaxe
Aldán	14				4		
Ardán	5						
Bueu	23	5	18		9	2	
Beluso	5				2		
Campo							
Cangas	420	22			22	49	1
Cela	37	32			12		
Coiro	4			2			
Darbo							
Domayo	16	7					3
Hermelo							
Hío	20			6			
Moaña	28			1	3		
Piñeiro	9	1			2		
Tirán					2		
Total	568	87	18	3	62	51	8

Rede da Xábega

Fonte: B. Rodríguez Santamaría "Diccionario de artes de pesca de España".



Mariñeiros traballando á rapeta dende a praia



Rede do Xeito

Fonte: B. Rodríguez Santamaría "Diccionario de artes de pesca de España".

Non acorre o mesmo cando debe modificar as referidas Ordenanzas no ano 1767, recolle unha referencia á Xábega en diferentes artigos á presenza dos cataláns no título da mesmas: "Ordenanza de pesca que se debe observar por los marineros matriculados naturales y forasteros de otras provincias de España, igualmente matriculados, que vinieren a pescar a ella con las licencia correspondientes".

Será Sarmiento un dos acérrimos adversario da Xábega, fronte ó Xeito, o conflito dura ata o ano 1814, que se conquista a liberdade definitiva da pesca.

Apesares das diferencias entre os galegos e cataláns para empregar unha ou outra arte de pesca, co tempo os galegos van decantándose por empregar cada vez mais a xábega xa que era mais rendible:

	Xábega	Xeito
Número de homes necesarios	18	50
Lances ou redadas por día	5 ou 6	2
Custo da arte de pesca	5.000 rs	32.000 rs

A vantaxe da xábega sobre o cerco está na súa maior manobrabilidade, que lle permite lanzar seis redadas por día, no seu menor custo e necesita menos homes no seu manexo.

Valor, produción e gastos da Xábega		Valor, produción e gastos do Xeito	
Valor da Xábega	3.750 pts.	Valor do Xeito	750 pts.
150 días a 6 lances de 60 pts.	54.000 pts.	150 días a 4 lances de 10 pts.	6.000 pts.
150 días de 30 homes a 1,75	7.875 pts.	150 días de 4 homes a 1,75	1.050 pts.
Valor de 2 lanchas e bote 1.700	1.700 pts.	Valor da lancha	750 pts.
Total de gastos sen reparacións	13.325 pts.	Total de gastos sen reparacións	2.550 pts.
Total de beneficios	40.675 pts.	Total de beneficios	3.450 pts.
Porcentaxe beneficios / investimento	305 %	Porcentaxe beneficios / investimento	135 %

Os números mostran a vantaxes da xábega sobre o xeito. A diferenza de porcentaxe obtida na comparación do beneficio co investimento entre a xábega e o xeito explica por si só o triunfo da arte catalana sobre a tradicional galega.

Co asentamento das fabricas de conservas no Morrazo, mais concretamente en Cangas, os mariñeiros, ven a necesidade de introducir outras especies de peixes, coma a xarda, xurelo, bocarte, palometa e bonito á oferta de consumo e de elaboración dos produtos do mar.

Tanto a palometa como o bonito foron dúas especies de moita importancia que tivo no desenvolvemento económico da nosa vila. Inda que nos imos centrar máis concretamente na pesca do bonito.



Palangre



Mulleres alistando palangres da palometa no eirado do costal.

Palangre

Arte de pesca para coller palometa



Boniteros no porto de Cangas aranchando as varas para ir de pesca




Subasta do bonito.

Entre os anos 1948 o 1960 Cangas, tiña unha flota de 26 barcos que se adicaban á pesca do bonito, cada barco levaba unha media de 15 a 20 mariñeiros dependendo do barco. Tiñan emprego directo unhas 500 persoas.

Antigamente os xeitos de pescar bonito facíase de dúas formas: o curricán e o tanguero.

Boniteiro visto dende arriba cas varas e liñas para pescar ó curricán.



A pesca do curricán é un arte selectiva, que non dana para nada os fondos mariños e empregase o barco a pouca maquina e as liñas polo costado, con dúas varas longas de eucalipto levando no seu extremo unhas follas de follaco con uns azos e unha cinta de cores diferentes para chamar a atención do bonito.

Amosámoslle un esquema do extremo da liña do curricán.



O tanguero é un arte de pesca do bonito moi selectivo e péscase polo costado do barco. A diferenza co curricán é que se pesca co barco parado e empréganse canas de bambú. No anzó leva un peixe pequeno engancho polos ollos. A encarnada é bolo ou xouba viva que se bota ó mar para engadar o peixe; tamén se colocan unhas mangueiras de auga para que a (Alpabarda) chame mais a atención do bonito (Troullera).

Foto da pesca do tanguero



A costeira do bonito escomenzaba o 20 de Xuño ata Setembro (festas de Darbo). A do tanguero duraba ata o mes de Novembro. Iase pescar ás illas Azores, Gran Sol, Estaca de Bares, Asturias.

A PESCA NA ACTUALIDADE EN CANGAS

Nestes intres no Concello de Cangas hai afiliados segundo o Instituto Social da Marina, 2.419 pensionistas e 1.683 mariñeiros que se reparte do seguinte xeito:

A flota pesqueira de baixura no Concello de Cangas no ano 2007 é de 190 embarcacións e 450 mariñeiros afiliados á Seguridade Social (neste número tamén entran as redeiras). As especies as que se adican son: percebe, navalla, polbo, volanteira, ameixa,...



Capturas feitas en Cangas e mariñeiros escollendo o percebe para vender na lonxa.

As capturas feita este ano foi de 420.505 kilos das especies ditas. O valor das vendas acadou os 2.942.771 en todo o Concello.

BARCOS QUE SE ADICAN A PESCA DE ALTURA

Os barcos que se adican á pesca de altura nestes intres en Cangas traballan, fundamentalmente, nos caladoiros de NAFO, Hatton Bank e NEAFC. O numero de mariñeiros é de 214 e 95 son de orixe estranxeira, fundamentalmente sudamericanos.

Outros mariñeiros que andan ó mar noutros caladoiros: Malvinas 23, Mauritania 40, As Palmas 63, Viscaia 42, Coruña 22, Lugo 8. O resto andan noutros lugares e caladoiros.



Nestes intres a pesca segue a representar un sector moi importante dentro da vila de Cangas.

Fontes consultadas: libro de Hilario M. Rodríguez Ferreira, Faro, ISM, e Armadores de Cangas.

(Publicado en “Venerable Hermandad de la Stma. Virgen de los Dolores y la Soledad de Cangas de Morrazo”. Marzo de 2010)